



Santiago de Compostela
Martes, 2 de xullo de 2024

A Facultade de Filoloxía manifesta o seu fondo pesar polo repentino pasamento da profesora Belén López Meirama, directora do *Departamento de Lingua e Literatura españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral*. A súa perda faise especialmente desoladora para os integrantes da área de Lingua española, da que era Profesora Titular.

No seo da Facultade, a xenerosidade académica e persoal de Belén valeulle o fondo recoñecemento e afecto de discípulas e compañeiros/as. A súa carreira investigadora, centrada no castelán, xirou en torno á sintaxe, ao léxico dispoñible do español de Galiza e ás construcións fraseolóxicas. Participou en varios proxectos de investigación con colegas das áreas de filoloxía alemá, española e galega, e foi unha docente comprometida que sempre tratou de transmitir o seu saber ás xeracións máis novas. Ese compromiso con todas as facetas da vida universitaria levouna a ser tamén vicedecana da Facultade de Filoloxía durante os anos 2012-2016.

A comunidade da Facultade de Filoloxía únese á súa familia e amizades na inmensa dor provocada pola súa perda.